

ACCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DIRIXIDAS Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO MARCO DO ACORDO DE COLABORACIÓN ASINADO COA FEGAMP

As accións a disposición dos concellos para este ano 2019 son as seguintes:

1.-“Golpes”. Espectáculo teatral pedagóxico, con Estíbaliz Veiga, que analiza o impacto da violencia de xénero e tenta concienciar á mocidade na súa prevención.

2.- Exposicións dirixidas á mocidade:

2.1- “Á Violencia de Xénero... Dille NON!”, exposición gráfica ilustrada, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións. Achegaranse unidades didácticas.

2.2.- “Cartas de Amor”, exposición gráfica de ilustracións de diversos artistas sobre a violencia de xénero e a mocidade. Achegaranse unidades didácticas.

3.- Exposición fotográfica “Express-Arte”, unha perspectiva de diferentes realidades dende a arte. Creada no marco do programa de inserción laboral para vítimas da violencia de xénero e impulsada pola Asociación de Xóvenes Emprendedores Lucenses (AXEL).

4.- “IGUAL A NOS”: Dinamización en Igualdade e Prevención da violencia de xénero. Representación escénica e debate-coloquio para afondar nos conceptos e aspectos abordados na representación, fomentando a participación social das mulleres maiores.

5.- Programa de Asesoramento e terapia familiar de apoio con nenos e nenas que sufrirán de maneira directa ou indirecta violencia de xénero.

6.- “Hai saída grazas a ti”, encontro-debate sobre a abordaxe da violencia de xénero, con especial énfase na xente moza.

7.- Charlas informativas sobre agresións sexuais e violencia sexual, a cargo de persoal especializado.

8.- Visita ás instalacións do Centro de Recuperación Integral para mulleres que sofren Violencia de Xénero por parte do persoal do concello: CIM, servizos sociais etc.. , e xuntanza técnica entre profesionais (o custo do traslado será asumido polo concello).

9.- Programa de impulso das Mesas de Coordinación interinstitucional fronte a violencia de xénero (MLC):

9.1.- Formación para a constitución ou dinamización da Mesa Local.

9.2.- Programa de apoio e seguimento na dinamización da Mesa local (para concellos participantes na fase 2018/2019).